

AXENDA

A memoria de Santiago Álvarez e dos avogados de Atocha



A loita polas liberdades ten moitas caras. Santiago Álvarez e os avogados de Atocha (Madrid) son dous exemplos. Álvarez, líder comunista galego, loitador –literalmente– antifascista que coñecería o cárcere polo seu compromiso político e humano. Os avogados de Atocha, compañeiros das CCOO que foron asasinados por un comando da extrema dereita cando a democracia comezaba a renacer no Estado. Nas vindeiras datas, por razóns diferentes, debemos honrar e lembrar a súa memoria.

Madrid, 24 de xaneiro de 1977. Un comando de extrema dereita irrompe pola noite no despacho de avogados laboristas das CCOO situado no n.º 55 da rúa de Atocha. Procuraban o compañeiro Joaquín Navarro, responsable de Transportes do sindicato, artífice de varias folgas no sector. Ao non o atoparen, abren fogo contra os presentes. A consecuencia do masacre perden a vida os avogados Enrique Valdevira, Luis Javier Benavides e Francisco Javier Sauquillo, o estudante de dereito Serafín Holgado e o administrativo Ángel Rodríguez Leal. Resultaron gravemente feridos Miguel Sarabia Gil, Alejandro Ruiz-Huerta, Luis Ramos e Dolores González –que estaba casada con outra das vítimas mortais, Sauquillo.

Este ano cúmprese o 36.º aniversario da matanza, á que

as CCOO responderon pedindo máis democracia e máis dereitos, non vinganza. Nos vindeiros días haberá multitude de actos en todo o Estado para lembrar a memoria destes compañeiros. En Galicia, está prevista unha homenaxe no salón de graos da Facultade de Ciencias Xurídicas da Universidade de Vigo. Será ás 12 horas do día 24 de xaneiro, e o acto estará presentado pola profesora Inma Valeije, especialista en dereito penal, e contará coa participación do avogado da familia das vítimas, José Luis Núñez Casal.

Santiago Álvarez

O dirixente comunista Santiago Álvarez, un dos impulsores da creación do Partido Comunista de Galicia (PCG) e membro do comité central do PCE durante moitos anos, naceu no seo

dunha familia labrega de Vilamartín de Valdeorras en 1913. O seu achegamento á política deuse na adolescencia, e poucos anos despois, proclamada a II República, afiliouse ao Partido Comunista, do que foi un dos responsables na comarca valdeorresa. O seu activismo levouno a ser detido no ano 1934.

Dous anos despois, após a vitoria electoral da Fronte Popular, entrou como concelleiro no seu municipio natal.

O levantamento fascista sorprendeu en Madrid. Na capital do Estado colleu as armas para defender a legalidade republicana e participou en numerosas batallas na contorna.

Exiliouse tras a guerra, e o seu periplo vital levouno a Francia, República Dominicana, Cuba... ata que regresou a España en 1944, acabando detido case un ano despois. A detención levaríao a coñecer en carne propia o sistema represor franquista, torturas incluídas. Condenado a vinte anos de cárcere, entre 1946 e 1951 pasou por diferentes prisións. Indultado tres anos despois, pasou novamente por Cuba e Francia e non regresará definitivamente ata 1976.

Para divulgar a súa figura, a Fundación 10 de Marzo de CCOO organizou unha exposición itinerante cos fondos doados pola familia de Álvarez. Un novo paso desta mostra lévaa a Santiago de Compostela, onde se poderá visitar entre o 24 de xaneiro e o 21 de febreiro na Biblioteca Municipal Ánxel Casal. O horario é de luns a venres de 8:30 a 21 h, e os sábados de 10 a 14 h. Ademais, o día 19 de febreiro, ás 19:30, haberá unha mesa redonda para conmemorar o centenario do nacemento do líder comunista.

O PUNTO XE

Indultos sen xustiza

Por X. Rodríguez

Este mesmo mes de xaneiro, as unións comarcais de CCOO, UGT e CIG en Vigo sumáronse publicamente á petición de indulto para David Reboredo, que afronta penas de prisión por tráfico menor de drogas. Estamos a falar dunha persoa rehabilitada e plenamente reinsertada. Ademais, unha vez logrado o obxectivo de reinserción e reeducación, a permanencia de Reboredo en prisión é «un acto de inxustiza» que tronza as súas posibilidades de retomar a súa vida libre da adicción.

Casos coma este poñen en evidencia a aplicación desigual da xustiza: que se pretenda castigar con inflexible dureza unha persoa condenada por un delito **menor** –cómpre enfatizar o adxectivo– relacionado coa lacra da droga, ao mesmo tempo que persoas castigadas por delitos **graves** –e enfato de novo– recibiron do Goberno de España a medida de graza.

A normativa que regula o indulto permítelle ao Executivo concedelo sen ter que dar explicación ningunha. Nos últimos anos beneficiáronse de indultos policías condenados por detención ilegal ou torturas, cargos públicos condenados por prevaricación, empresarios vinculados con malversación de fondos públicos ou, máis recentemente, un homicida ao volante. Só no ano que leva no poder, o PP concedeu máis de 500 indultos, case nada!

Hai unha auténtica perversión cando se utiliza o indulto para burlar a acción da xustiza, en lugar de para reparar os posibles excesos do noso sistema. No caso de Reboredo, cando menos, parece esaxerado castigar unha persoa que deu probas de estar redimida.